

Pontevedra, outubro 2015  
[crisnova@gmail.com](mailto:crisnova@gmail.com)  
[@nova5](#)

## Proxectos lectores de centro

Biblioteca escolar. Espazo para a lectura-II



# Aclarando conceptos...

Itinerario  
lector

Proyecto  
lingüístico de  
centro

Proyecto  
lector de  
centro

Ambiente  
lector

Plan lector

Plan anual  
de lectura

Hora de  
ler

# Aclarando conceptos...

ALFABETIZACIÓN  
MÚLTIPLE

LECTURA  
CRÍTICA

AMI

Lectura

ALFIN

Escrita

COMPETENCIA  
DIXITAL

COMPETENCIA  
LITERARIA

COMPETENCIA  
LECTORA

COMUNICACIÓN  
LINGÜÍSTICA

COMPRENSIÓN  
LECTORA

HABILIDADES DE  
INVESTIGACIÓN

# O Proxecto Lector de Centro nos novos currículos galegos – Primaria

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **Artigo 18. Bibliotecas escolares e lectura**

**1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.**

**2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.**

**3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha *biblioteca escolar*, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.**

**4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.**

# Algunha documentación a ter en conta...

- **Artigo 113 da LOE-LOMCE sobre a biblioteca escolar**
- Os decretos de ensinanzas mínimas a nivel do Estado
- *Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato*
- **Decretos que desenvolven os currículos para primaria e secundaria en Galicia**
- **Recomendacións europeas en relación coa lectura e as alfabetizacións múltiples**

# O Proxecto Lector de Centro nos novos currículos galegos – ESO- BAC

*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

## ***Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura***

***1.Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.***

***2.Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.***

# O Proxecto Lector de Centro nos novos currículos galegos – ESO- BAC

*3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.*

*4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.*

# *Que cousas mudaron desde 2007, coa obriga de elaborar e desenvolver Proxectos Lectores de Centro ????*

- Maior presenza do libro e a lectura nos centros
- Maior presenza da lectura en áreas non lingüísticas
- Maior da uso da biblioteca (centrado no libro)
- Potenciación do manexo da información por parte do alumnado (o alumnado elabora información)
- A biblioteca dinamiza o centro
- En ocasións, o PL convértese nun “papel” máis, agás en xeral para o equipo da biblioteca escolar



*Cartel curso 2009/2010  
Miguelanxo Prado*

# Mayor integración ciencias/humanidades???



# Ampliación de prácticas de lectura nos centros???



# Proxecto lector de centro - 2007



- É un documento que **integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas**. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente:
  - *comunicación lingüística*
  - *tratamento da información e a competencia dixital*
  - *competencia cultural e artística*
  - *competencia para aprender a aprender.*

# Proposta-tipo para un Plan Anual de Lectura

- **Obxectivos. Fundamentación** (*relacionada coas directrices do Proxecto Lector de Centro e o contexto do curso correspondente: necesidades máis urxentes que cómpre atallar, resultados da avaliación diagnóstica máis recente, programas nos que está inmerso o centro, etc.*).
- Organización de **espazos e tempos** para a lectura.
- Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da **biblioteca escolar no centro**.
- Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).
- **Rutinas de lectura.** Actividades sistemáticas:
  - Actividades na hora da biblioteca ou na *Hora de ler*
  - Actividades de lectura compartida (*apadriñamentos lectores, lectura en parella....*)
- **Recursos humanos** que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
- **Itinerarios lectores.**
- **Actividades programadas e temporizadas:**
  - **Proxectos documentais integrados**, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.
  - **Actividades puntuais:** obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...)
  - **Recursos e materiais**
- **Ler en familia.** Actividades para a implicación das familias.
- Seguimento e **avaliación**

# Avances necesarios

Incorporar a lectura comprensiva en todas as áreas e materias

Reflexionar sobre as prácticas para o fomento da lectura e a formación literaria

Revisar resultados avaliacións

Estratexias de comprensión lectora

Lectura/escritura social

Abordar a aprendizaxe da lectura

Contemplan a lectura/escrita dixital, a lectura/escrita en pantalla

Avaliar

Integrar as novas formas de escritura e de comunicación

Abordar o traballo coa información: ALFIN/AMI

Innovación metodolóxica

Incorporar a educación audiovisual de forma urxente

Implicación das familias

Comunidades de aprendizaxe

ASPECTO	Valoración de 0 a 4					Observacións
	0	1	2	3	4	
Operatividade (funciona no centro)						
Participación do profesorado no seu deseño e desenvolvemento						
Participación do alumnado no seu deseño e desenvolvemento						
Participación das familias no seu deseño e desenvolvemento						
Análise previo á elaboración ou revisión do Proxecto lector. Analízanse:						
✓ resultados das avaliacións diagnósticas						
✓ competencias básicas do alumnado						
✓ resultados académicos do alumnado (notas finais de curso)						
✓ comprensión lectora do alumnado (con probas específicas)						
✓ niveis de expresión oral (con probas específicas)						
✓ competencia escrita (con probas específicas)						
✓ hábitos de lectura (con probas específicas)						
Realizáronse enquisas a profesorado						
Realizáronse enquisas ao alumnado						
Realizáronse enquisas ás familias						
O proxecto contempla e desenvolve as seguintes cuestións:						
✓ Obxectivos xerais						
✓ Obxectivos concretos en relacións coas alfabetizacións múltiples						
✓ Obxectivos específicos ou concretos en relación coa lectura, a escritura e as habilidades de información						
✓ Actividades tipo para a formación lectora/escritora						
✓ Actividades tipo en relación cos hábitos de lectura						
✓ Actividades tipo para a competencia informacional						
✓ Estratexias de comprensión lectora (antes, durante, despois da lectura; quen, como, cando se ensinan)						

**PROXECTO LECTOR DE CENTRO**  
Avaliación e propostas para  
revisión e actualización

ASPECTO	Valoración de 0 a 4					Observacións
	0	1	2	3	4	
Contempláñse os enfoques cos que se aborda a lectura						
Recolle propostas metodolóxicas para o traballo coa lectura						
Contempla os distintos tipos de textos que deben traballarse						
Contémplase o traballo coa lectura e a información en todas as áreas e materias						
Os departamentos/niveis/ciclos fan achegas ou asumen compromisos nesta materia						
Establécense itinerarios lectores						
Regúlase a “hora de ler”						
Abórdase un traballo específico cos medios audiovisuais						
Abórdase un tratamento específico da lectura dixital						
Realízase unha selección de textos por áreas ou materias para o traballo da comprensión lectora						
Contémplase a selección de lecturas de calidade						
Recolle a existencia e funcionamento da biblioteca escolar						
Contempla actuacións específicas da biblioteca escolar						
Recolle a programación-base da biblioteca escolar						
Aborda a forma en que se traballa a aprendizaxe da lectura						
Aborda o paso de infantil a primaria (métodos de lectura/escritura) no caso dos CEP-CEIPS-CRA-CPI						
Abórdanse cuestións relacionadas coas linguas no centro e a lectura/escritura						
Recolle probas específicas para medir a comprensión lectora						
Contempla procesos e ferramentas para a avaliación do proxecto lector						
Contempla fórmulas para implicar ás familias						
Recolle actividades específicas para as familias						
Elaboráronse documentos para a súa difusión						
Abordouse unha revisión do proxecto						

# Propostas para o curso

1. **Obxectivo final:** elaborar entre todos un documento breve a modo de decálogo ou infografía que sirva para actualizar e desenvolver os Proxectos Lectores de Centro
2. **Desenvolver recursos, de forma cooperativa, para valorar e presentar propostas de mellora para o propio Proxecto Lector-Plan Anual de Lectura**
3. **Metodoloxía proposta**
  - Debater en grupo, na segunda sesión (facilitaranse guións de traballo), sobre cuestións que cómpre ter en conta:
    - En relación coa lectura
    - En relación coa escrita
    - En relación coas habilidades de traballo coa información/investigación
    - En relación coa biblioteca escolar
    - Outros puntos de interese
  - **Aproveitar a presenza de dous centros con DESENVOLVEMENTOS DE PROXECTOS LECTORES de grande interese para seguir PENSANDO e desenvolvendo recursos.**
  - **Valorar o actual Proxecto lector do centro, á vista de todo o tratado, e presentar unha proposta de mellora como traballo do curso.**
  - Realizar achegas ao grupo con ánimo construtivo e coa vista posta na mellora dos índices de lectura comprensiva e a adquisición de competencias por parte do alumnado.